

Bloque 2. HISTORIA MEDIEVAL

Cuestión 5. Os musulmáns na Península Ibérica

No ano 711 un exército musulmán comandado por Muza e Tariq, aproveitando a crise interna do reino visigodo (enfrentamento polo trono entre os partidarios de Rodrigo e os do fillo de Witiza, que pediu axuda ós musulmáns do norte de África) cruzaron o Estreito de Xibraltar, gañaron na batalla de Guadalete ás tropas de Rodrigo (último rei visigodo) e conquistaron a Península en tan só catro anos. A Península Ibérica pasou a ser unha provincia (valiato), denominada Al-Ándalus, do Califato Omeia de Damasco. Trala revolución abasí (750), que destronou e asasinou ós Omeia e trasladou a capital a Bagdad, Al-Ándalus converteuse coa proclamación en 756 de Abd al-Rahmán I (único supervivente Omeia da matanza) como emir (máxima autoridade política) nun emirato independente, pero mantivo a dependencia relixiosa do califa de Bagdad. O Emirato Independente (756-929) foi unha etapa de gran inestabilidade polas continuas rebelións internas e polo avance cara ó sur dos reinos cristiáns do norte.


O Califato de Córdoba (929-1031). No ano 929 Abd al-Rahman III proclamouse califa, asumindo así a xefatura política e relixiosa de Al-Ándalus e desligándose deste xeito do resto do imperio islámico. O Califato foi o período máis brillante da historia de Al-Ándalus, tanto a nivel político, como económico e cultural. Sucedéronse grandes dirixentes (al-Hakan II, Hixem II, al-Mansur - Almanzor -) que interviñeron no norte de África (dominando a ruta do ouro do Sudán) atacaron ós reinos cristiáns do norte (Almanzor saqueou Santiago de Compostela no 997) e defenderon as fronteiras. O califa exercía un poder absoluto (político, relixioso e xurisdiccional) e á súa morte podían estalar sangrentas liortas palacianas para impoñer a un sucesor. A desintegración do califato (1031), como consecuencia de conflitos internos, e a división de Al-Ándalus en reinos de taifas (semiestados autónomos) supuxo o debilitamento do poder de Al-Ándalus, feito que favoreceu o reforzamento e avance dos reinos cristiáns. Os esforzos reunificadores dos almorávides (1090-1145) e de almohades (1147-1212), pobos bérberes que exercían o poder no Magreb, foron efémeros e tras a batalla das Navas de Tolosa (1212) o territorio musulmán quedou reducido ó reino nazarí de Granada ata 1492.

A realidade socioeconómica. A agricultura alcanzou gran desenvolvemento grazas á introdución de novas técnicas de regadío (noras, rodas hidráulicas, redes de canles...) e de novos cultivos como o arroz, figo, cítricos, azafrán, moreira, algodón... Nas grandes cidades como Córdoba ou Toledo floreceron as actividades artesanais: téxtiles, cerámica, artigos de luxo (seda, vidro, coiro, papel, metais preciosos)...



O comercio tivo gran importancia, favorecido pola situación xeográfica da Península (que permitía controlar a chegada a Europa de produtos africanos como o ouro, escravos, produtos de luxo de Oriente, especias...) e a que Al-Ándalus estaba integrado na rede comercial islámica que conectaba Oriente e Occidente. Desde mediados do século IX, a construción naval foi fundamental e nos estaleiros de Sevilla e Tortosa construíanse os barcos que navegaban polo Mediterráneo. Esta prosperidade económica estivo estimulada pola existencia dunha moeda única (o dinar de ouro e o dirhem de prata) que circulaba por todas as terras islámicas.

A sociedade era moi complexa e diversa, tanto pola súa orixe étnica coma pola relixión que profesaba. A relixión era o principal elemento diferenciador: os musulmáns eran a maioría, pero xudeus e mozárabes (cristiáns) eran en xeral respectados e podían practicar libremente a súa relixión. A minoría aristocrática (jassa), de orixe árabe e siria, controlaba a riqueza (terras) e os cargos políticos e militares. A poboación campesiña (amma) estaba composta por bérberes (musulmáns norteafricanos) e muladíes (hispano-visigodos convertidos ao Islam). Xudeus e mozárabes, que vivían preferentemente nas cidades, debían pagar máis impostos e tiñan limitados algúns dereitos por non ser musulmáns. Os escravos (eslavos centroeuropeos e negros africanos) ocupaban o último chanzo social.

Cultura: Entre as florecentes cidades andalusís, algunhas de orixe romana e outras de creación musulmá (Madrid, Almería, Calatayud...) destaca Córdoba, unha das máis populosas do momento. Nelas difundiuse a cultura grecolatina, transmitíronse a occidente coñecementos orientais (astrolabio, brúxula, papel...) e producíronse avances en filosofía, medicina, xeografía, matemáticas..., con figuras como Avicena, Averroes, Maimónides, Ibn Arabí etc. Herdanza árabe son tamén numerosos vocábulos (adua, alcalde, laranxa, limón, azucre...), os números árabigos, técnicas da agricultura de regadío... e un valiosísimo patrimonio artístico (mesquita de Córdoba, Torre do Ouro sevillana, Alhambra de Granada...).




Línea temporal del Islam y Al-Andalus.





Sociedad andalusí



Bases de la economía andalusí

